

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. As palabras galegas rematadas en N fan o plural:

- A) Engadindo ES ao final.
- B) Engadindo S ao final.
- C) Perden N e engaden S.
- D) Todas son falsas.

2. En castelán é BIZCO en galego é:

- A) Cego
- B) Torto
- C) Vesgo
- D) Pitoño

3. En castelán é PIERNA en galego é:

- A) Perola
- B) Pierna
- C) Perna
- D) Pirna

4. Cal é a opción INCORRECTA:

- A) Luz-luces
- B) Dólar-dólares
- C) Deus-deuses
- D) Club-clubes

5. Un conxunto de fontes e pratos é:

- A) Unha vaixilla
- B) Unha vaixela
- C) Unha vaixiña
- D) Unha vaxila

6. Sinale a opción INCORRECTA:

- A) Prato
- B) Prazo
- C) Brando
- D) Praca

7. O que fai a vaca galega é:

- A) Balar
- B) Ouvear
- C) Relinchar
- D) Bruar

8. Cal é o toponimo CORRECTO:

- A) Coristanco
- B) Tuy
- C) Orense
- D) Caldas de Reyes

9. Sinale a opción INCORRECTA:

- A) Oso (animal)
- B) Oso (esqueleto do corpo)
- C) Bola (peza de pan)
- D) Bóla (esfera)

10. En castelán é un RELAMPAGO en galego é:

- A) Furacán
- B) Trono
- C) Choiva
- D) Lóstrego

Preguntas de reserva

1. Un PEIRAO é:

- A) Un peiteado
- B) Un muro de pedra
- C) Un desembarcadoiro ou embarcadoiro de persoas ou mercadorías
- D) Unha praia

2. Como norma xeral, os interrogativos en galego levan til:

- A) Sempre.
- B) Nunca.
- C) Só os interrogativos directos.
- D) Só os interrogativos indirectos.